

PROCESO ELECTORAL PARA A RENOVACIÓN PARCIAL DOS DISTINTOS SECTORES DO CONSELLO ESCOLAR DO CENTRO

BENQUERIDAS FAMILIAS:

De conformidade co establecido na **RESOLUCIÓN do 10 de setembro de 2024,, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos,** realizarase proximamente neste Centro a **renovación do CONSELLO ESCOLAR** que é o instrumento de participación na vida escolar de todos os sectores educativos do Colexio.

A organización e a supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da **Xunta Electoral** que estará integrada pola directora do centro, unha profesora ou profesor, unha nai, pai ou titor legal, un representante do persoal de administración e servizos

Os tres últimos serán designados por sorteo segundo establece o *artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, redactado conforme ao establecido na disposición adicional primeira do Decreto 324/1996, do 26 de xullo.* Dito sorteo, que será público e no que se preverá a designación de membros suplentes, **celebrarase neste Centro o venres, día 18 de outubro, ás 12.00 horas na sala de mestres.**

A Xunta Electoral constituirase o xoves día 25 de OUTUBRO ás 13:20 horas na secretaría do centro.

Este ano corresponde renovar TRES representantes do profesorado e DOUS das familias, un deles designado pola ANPA.

Nota: Os membros integrantes da Xunta Electoral, das Mesas Electorais e os electores que necesiten permiso laboral para o desempeño das súas obrigas seralles de aplicación o artigo 76.2º do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo (DOG do 13 de xuño), polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia.

Un afectuoso saúdo,

O EQUIPO DIRECTIVO